
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2014**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:50 horas do luns día 5 de febreiro de 2015 coa seguinte orde do día:

- 1) Aprobación de Actas
- 2) Informe do Director
- 3) Execución do presuposto de 2014
- 4) Convocatoria e Orde do día da próxima Xunta de Escola
- 5) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Jurado Albarracín Martinón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Rodríguez-Vellando Fernández- Carvajal	Pablo

ESTUDANTES

Espasandín Lacalle	Raúl
Gómez Meijide	Breixo
Longueira Pan	Francisco

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de Actas

Non hai comentarios. Apróbase.

2. Informe do Director

Comeza o informe tratando a situación do CITEEC, indica que no consello do Goberno da semana anterior consultou sobre a situación. Parece ser que falta a licencia do Concello e que este organismo non a emitiu porque faltaba unha autorización de Aviación Civil. A vicerreitora comprometeuse a insistir sobre o asunto. A seguinte noticia que se coñeceu é que na orde do día da próxima Xunta de Goberno do Concello está a licencia a aprobación, se todo progresa, a semana seguinte podería comezar a obra.

Continúa o informe tratando as necesidades de mantemento e obras, detectouse que era preciso pintar a biblioteca, e dado o importe, pediuse que a Reitoría asumise os gastos. Estase á espera de recibir unha resposta.

Informa a continuación da recepción das indicacións de elaboración do PDA e estase a preparar unha proposta, que se remitirá en breve.

Respecto ás iniciativas de promoción da Escola, desde que comezou o ano están a vir estudantes á Escola de colexios e institutos de Galicia, estando organizado polo programa Visita o teu Campus. Os membros do equipo directivo encargándose de atendelos. Así mesmo, intensificáronse as visitas a colexios e institutos, da orde de 2-3 visitas por semana. Vai a haber unha próxima xornada da Ciencia na Rúa organizada polo Concello da Coruña na que participaremos. Tamén imos facer unha promoción da Escola a través das redes sociais.

Finalmente, sobre o plan estratéxico da Escola e tras completar os trámites correspondentes, na próxima reunión ordinaria da Xunta, se someterá a aprobación.

3. Espazos da Escola

O Director comeza sinalando que este tema xa se comentara, trátase da utilización no edificio novo da área científica do espazo dunha das salas. A proposta é que os becarios que están nos despachos da zona de proxectos, na planta baixa, se trasladen a esa sala do edificio da área científica.

Pregunta o profesor Alfonso Orro sobre a asignación previa do despachos que quedan libres. Reposta o Director que un xa estaba asignado á área de estruturas e outro á de proxectos e que agora se destinaría en principio a profesorado.

Pregunta o estudante Breixo Gómez sobre como se organiza o traslado e como se consiguen as chaves, resposta o Director que contacten co profesor Luis Pena, encargado de xestionar este tema.

Apróbase.

4. Execución do presuposto de 2014: Peche do exercicio

O Director presenta o documento de peche de exercicio da anualidade 2014, comenta tamén que a última vez que se explicou isto foi na anterior sesión da Comisión Permanente. Vai detallando cada partida e explicando os diferentes capítulos e gastos e o seu grado de execución.

Apróbase

5. Presuposto de 2015

Presentase o presuposto asignado pola Universidade para 2015 e móstrase tamén unha comparativa co presuposto do ano 2014. O único cambio é que se rebaixaran a partida de reparación de edificios. As demais partidas mantéñense con pequenas variacións.

Respecto á execución, propón que se manteña o mesmo sistema, como é tradición se seguirá a mandar de maneira mensual un informe do grado de execución do presuposto. Recordamos tamén que é habitual que se vaian realizando incorporacións durante o curso correspondente a importes que aporta a UdC en diferentes convocatorias que se van activando.

Apróbase

6. Quenda aberta de palabra

Intervén o estudante Fran Longueira, consultando sobre a duración das obras do CITEEC canto dura, resposta o Director explicando que o prazo é dun ano.

Consulta a continuación o profesor Manuel Casteleiro sobre cando comezou a data de inicio das obras no CITEEC explicando que foi en 2008, e que a tras os problemas que houbo, a FICGA proporcionou unha solución que puxo a disposición da Reitoría en maio de 2013. Sen embargo aínda estamos á espera de avances en este tema.

Resposta o Director indicando A UdC tardou moito en redactar o prego, e pediu a licenza finalmente en xaneiro. Parece que en breve comezarán as obras.

Non hai máis intervencións.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:15 do 5 de febreiro de 2015.

Vº. Bº.

Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico